

INSTRUCCIÓNS PARA A ACOLLIDA EN PRÁCTICAS FORMATIVAS DO ESTUDANTADO PROCEDENTE DOUTROS CENTROS DOCENTES NACIONAIS OU ESTRANXEIROS NA UNIVERSIDADE DE VIGO COMO ENTIDADE RECEPTORA (PRÁCTICAS FORMATIVAS INVERSAS)

Estas instrucións teñen por obxecto facilitar un procedemento de xestión das prácticas formativas inversas do estudiantado procedente doutros centros docentes, nacionais e internacionais, que se realicen en dependencias propias da Universidade de Vigo.

1. RESPONSABILIDADE

- O servizo de xestión das prácticas formativas inversas será a Área de Emprego e Emprendemento (AEE) da UVigo.
- A Vicerreitoría competente para a sinatura dos convenios con centros docentes externos para a formalización das prácticas formativas inversas será o vicerreitorado con competencia en materia de prácticas académicas externas.
- A AEE será a área encargada de comunicar á Xerencia os datos do alumnado externo que realízase prácticas formativas nalgún dos servizos ou unidades administrativas da UVigo. Así mesmo, comunicará ao Vicerreitorado de Estudiantado e Empregabilidade os datos do alumnado que realízase prácticas nalgún departamento, grupo ou centro de investigación.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

A Universidade de Vigo poderá cooperar con outros centros docentes, situados no territorio español ou no estranxeiro, mediante a acollida de estudiantado en prácticas en centros, servizos e unidades da UVigo. O estudiantado entrante deberá atoparse cursando estudos oficiais de grao ou máster universitario ou estudos de formación profesional de grao medio ou superior, e as prácticas deberán ter carácter formativo e, polo tanto, estar directamente relacionadas cos estudos que estea a cursar. Con carácter ordinario, só se tramitarán prácticas formativas incluídas como materia no plan de estudos, e darase prioridade ás entidades coas que se coopera habitualmente na acollida recíproca de estudiantado en prácticas formativas ou teñan algún convenio coa UVigo con algunha finalidade de cooperación educativa, docente ou investigadora.

No caso de alumnado procedente dun centro situado no estranxeiro, este deberá ser maior de idade (é dicir, ter cumpridos os 18 anos no momento de inicio das prácticas).

Queda excluído do ámbito de aplicación deste procedemento:

- O estudiantado de grao, mestrado ou título propio matriculado na UVigo, incluído o alumnado internacional, que realizará as prácticas seguindo o procedemento de prácticas académicas externas da universidade.
- O estudiantado de doutoramento (persoal investigador en formación), xa que neste caso realizaría estadias breves de investigación como persoal convidado. Para máis información, véxase o [Regulamento de persoal investigador visitante](#).

3. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

Para que un ou unha estudante procedente dun centro docente externo realice prácticas formativas en centros, unidades ou servizos propios da UVigo, deberá asinarse un convenio entre as dúas institucións implicadas, que se tramitará segundo se indica no punto 4 desta instrución.

Dado o carácter formativo destas prácticas, da súa realización non se derivarán, en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

Unha vez aprobado e asinado o convenio e, no caso de que este non sexa nominativo, será necesario formalizar a práctica formativa entre o ou a estudante, a persoa responsable do centro docente de orixe e a do servizo, unidade ou dependencia que acolla o estudantado na UVigo, preferentemente mediante documento normalizado do centro docente ao que pertenza o estudantado.

4. PROCEDEMENTO

O centro educativo externo de orixe deberá poñerse en contacto coa persoa responsable do centro, unidade ou servizo no que queira que o seu alumnado realice prácticas na UVigo. No caso de non existir convenio asinado, este paso realizarase, como mínimo con 30 días de antelación ao inicio previsto das prácticas. Deberá facilitar, cando menos, a seguinte documentación:

- Proposta de convenio de cooperación educativa ou equivalente ou, de ser o caso, copia do convenio en vigor. No convenio deberá constar expresamente que as prácticas formativas inversas non son remuneradas pola UVigo e que, no caso de alumnado procedente dun centro nacional, as obrigas coa Seguridade Social serán asumidas polo centro docente de orixe do ou da estudante.
- Copia do seguro de responsabilidade civil que cubra, entre outros, os danos a terceiras persoas derivados das prácticas formativas do seu estudantado.
- Seguro médico que garanta a asistencia sanitaria, accidentes e repatriación, no caso do estudantado procedente de centros docentes situados no estranxeiro.
- Declaración responsable do carácter formativo das prácticas asinada pola persoa titora do centro de orixe.

O centro, unidade ou servizo da UVigo no que se pretenda que un ou unha estudante externo realice prácticas trasladará esta solicitude á Área de Emprego e Emprendemento (AEE), a través do seguinte enderezo electrónico: negociadoemprego@uvigo.gal

A AEE revisará a proposta de convenio e remitiráa á Asesoría Xurídica para a emisión dos informes oportunos. Non se poderá incluír ningunha axuda económica ao estudantado por parte da UVigo. Se os informes da proposta de convenio son favorables, procederase á súa sinatura seguindo o procedemento e a normativa aplicable.

De ser o caso, a persoa responsable do centro, unidade ou servizo da UVigo asignará unha persoa titora para o alumnado externo que se vaia acoller en prácticas.

A persoa que titorice a práctica accederá a un [formulario](#) para facilitar os datos de cada estudante e da ou das prácticas académicas externas propostas, así como para achegar a documentación necesaria para formalizar a práctica. Este [formulario](#) inclúe os seguintes datos de cada estudante externo, que se incorporarán ao expediente da práctica, sen prexuízo doutra documentación que se poida solicitar durante o proceso (acceso ao formulario [AQUÍ](#)):

- Nome completo
- NIF/pasaporte/NIE
- Data de nacemento
- Estudos que cursa
- Centro docente de orixe
- Localidade, provincia e país onde se atopa o centro de orixe
- Destino das prácticas formativas na UVigo (centro, unidade, servizo)
- Persoa responsable da dependencia da UVigo onde se desenvolverán as prácticas
- Proposta do proxecto formativo que desenvolverá o estudantado
- Datas previstas de inicio e finalización
- Horario previsto
- Mutuality, seguros aplicables e pólizas, segundo proceda
- Tarxeta sanitaria europea do estudantado, de ser o caso

Esta información será revisada polo persoal da AEE con carácter previo ao inicio da súa tramitación.

Se o estudantado acollido en prácticas nas dependencias da UVigo é menor de 18 anos (como podería ser o caso do estudantado procedente de centros de FP), as persoas que actúen como titoras deberán descargar o [certificado de delitos de natureza sexual](#) e enviar asinado un compromiso de responsabilidade indicando que están en posesión deste certificado.

Se o estudantado acollido en prácticas nas dependencias da UVigo é estranxeiro, non se acolle a ningún programa de mobilidade académica ou quere realizar prácticas ao abeiro de convenios bilaterais e precisa solicitar visado, a AEE porase en contacto coa Oficina de Relacións Internacionais (dir.ori@uvigo.gal) para que tramite a carta de aceptación do ou da estudante, en castelán ou inglés, e, de ser o caso, lle proporcione instrucións específicas de acordo co seu perfil.

5. PREVENCIÓN DE RISCOS, EMERXENCIAS E PROTOCOLO DE ACCIDENTES

É responsabilidade da persoa titora da UVigo efectuar a acollida do estudantado aceptado e proporcionarlle información en materia de prevención de riscos laborais, segundo a actividade que se vaia desenvolver durante a práctica académica formativa. Para este fin, deberá facilitarlle información sobre:

- Información xeral sobre emerxencias (desfibriladores, información sobre o seguro de accidentes, etc.), dispoñible na [páxina web da UVigo](#).
- Protocolo de evacuación e emerxencias específico do centro onde desenvolverá a súa actividade, dispoñible na páxina web de cada centro.
- Riscos xerais das actividades que vaia realizar, aos que pode acceder no apartado de Emerxencias e Prevención de Riscos Laborais da [páxina web da AEE](#).

No caso de que o estudantado en prácticas realice actividades que impliquen riscos específicos, a persoa titora deberá poñerse en contacto co [SPRL](#) para a súa avaliación.

En caso de accidente durante a realización das prácticas ou nos seus desprazamentos, o ou a estudante deberá seguir o protocolo de accidentes que lle indique a institución de orixe.

A partir deste momento, e non antes, o estudantado procedente do centro docente externo poderá iniciar as prácticas formativas e desenvolverlas segundo o acordado.

Para máis información, pódese contactar coa AEE no seguinte enderezo electrónico: negociadoemprego@uvigo.gal